

# OBRAS

## NARRACIÓNS EN OBRAS

### COLECTIVAS:

- "A pobreza e a negrura da aldea".
- "A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia".
- "Por anticipado recaída dun mal que impide o bo".
- "Que si que si"

## POESÍA

- *Darío a diario.*
- *Denuncia do equilibrio.*
- *Tigres coma cabalos.*
- *Intempériome.*



Abrazo a desorde  
[das ideas.

*Intempériome*



# OPINIÓN



- A nai de Xela, Amparo Castaño, afirma que: " Foi unha loitadora. Coido que é a palabra que mellor a define. Loitou polas mulleres, polo galego, pola xente sen recursos, contra a guerra en Iraq... Onde puidese facer algo, alí estaba sempre loitando contra vento e marea".

# CURIOSIDADES

- Ao longo da súa carreira Xela Arias recibiu tres premios pola tradución:
  - do portugués de *Amor de perdición*, (1986).
  - do inglés *O derradeiro dos mohicanos*, (1993).
  - do francés *O Spleen de París*. (Póstumo)
- Xela tamén escribía letras de cancións.



Paula Lamas Forján (2ºB)

Lara Gabín Varela (2ºB)

# LETRAS GALEGAS 2021



# XELA ARIAS

*"Escribo en galego porque estou aquí e, desde logo, Galicia pertence, aínda, aos derrotados"*

IES Xulián Magariños (Negreira)

# FAMILIA



- Xela Arias, filla de Amparo Castaño López e Valentín Arias López, naceu en Ortoá (Lugo) o 4 de marzo de 1962, sendo deste xeito a maior de 5 irmáns.



# ESTUDOS

- Xela acode con 3 anos ao albergue granxa Escola de Barreiros. Inicia Primaria no colexio Fingoi de Lugo, pero debido a unha mudanza a Vigo, remata na Escola Nacional Graduada de Sárdoma en Moledo. En 1980, despois de estudar bacharelato nun instituto mixto, Xela decide non presentarse aos exames de COU e comeza a traballar. "**Cría que todo o que necesitaba saber podía aprendelo pola miña conta**", así é como ela xustifica a súa decisión.

# TRABALLOS



- **XELA ESCRITORA:** dende 1982, ano no que publica os seus primeiros poemas (cun grande éxito), ata o último dos seus días, Xela adícase á literatura, compatibilizándoa cos seus outros traballos.
- **XELA EDITORA:** uns meses despois de deixar os estudos comeza a traballar en Edicións Xerais de Galicia, primeiro como oficinista e dous anos máis tarde incorpórase ao Departamento Editorial.
- **XELA TRADUTORA:** membro da asociación de Tradutores Galegos, traduciu ao galego máis de 20 libros, amosando o afán que tiña por darlles aos galegas a oportunidade de ler libros orixinalmente escritos noutras linguas.
- **XELA PROFESORA:** en 1991 Xela decide retomar os estudos. Comeza Filoloxía Hispánica e posteriormente Galego-Portugués. Finalmente, en 1999 cambia de oficio para exercer de profesora de secundaria na materia de Lingua e Literatura Castelá.

# MATRIMONIO

En 1992 Xela casa co matemático e fotógrafo Xulio Gil Rodríguez e no ano 1994 teñen un fillo chamado Darío ao que Xela lle adica a obra *Darío a diario*. Finalmente Xulio e Xela sepáranse xudicialmente no ano 2002.



Mesmo as bolsas dos meus  
[ollos serán monecos  
dos teus días xunta min.

*Darío a diario*

# A DEUS

O 1 de novembro do ano 2003, con tan só 41 anos de idade, Xela falece en Vigo a consecuencia dun ataque cardíaco.

A unidade componse.  
Da desorde.

*Intempériome*

